
MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A READAPTACIÓN E EXECUCIÓN DO PROXECTO DA CIDADE DA RAQUETA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No anterior mandato municipal, o Concello de Santiago traballou conxuntamente coas federacións galegas de Squash, Badminton e Tenis de Mesa nun proxecto denominado a 'Cidade da Raqueta', que se localizaría en San Lázaro, nas inmediacións do Estadio Verónica Boquete. Este novo equipamento estaba proxectado para albergar as instalacións profesionais para a práctica deportiva destas disciplinas, desde a iniciación en categorías inferiores ata os adestramentos profesionais e a disputa de competicións de ámbito internacional. Ademais, albergarían tamén as sedes administrativas respectivas de cada unha das federacións, o que tamén permitiría optimizar espazos no Estadio Verónica Boquete de San Lázaro.

A construción da "Cidade da Raqueta" significaba dar resposta a unha demanda das tres entidades, que levaban anos reclamando un centro deste tipo en Santiago. O goberno anterior de Compostela Aberta tíñalle presentado o anteprojecto e a proposta tanto á Xunta, como á Deputación da Coruña e ao Consello Superior de Deportes, mostrándose as administracións galega e provincial dispostas a colaborar no seu financiamento, tal e como era coñecedor o actual equipo de goberno. Tamén durante o pasado mandato iniciáronse todos os trámites urbanísticos de modificación puntual do planeamento para poder construír o equipamento na zona consensuada entre Concello e Federacións.

Ainda en setembro de 2019 o Pleno da corporación aprobou de xeito definitivo esa "*modificación puntual do plan especial para o desenvolvemento do sistema xeral de equipamento deportivo ZD-2, na área deportiva de San Lázaro, que se transformará na futura Cidade da Raqueta*" tal e como informaba naquela altura a web municipal, xa co actual goberno local.

A pesar destes avances, nunha reunión en febreiro de 2021, a concelleira de Deportes, Esther Pedrosa, informa de que as federacións de Squash e a de Badminton teñen abandonado o seu interese no proxecto -talvez diante da pasividade e inacción do actual goberno- mais que a Federación de Tenis de Mesa mantíña totalmente o seu interese para levar parte do proxecto adiante. Cómpre lembrar que Santiago é unha potencia actual nesta disciplina deportiva, fundamentalmente a través do

club Arteal que conta con 70 fichas federativas, ademais de escolas de base, e que tén conseguido numerosos títulos en participacións internacionais.

Partindo desta nova situación e contexto, desde a propia Federación Galega de Tenis de Mesa teñen traballada unha proposta que permite adaptar o proxecto anterior a un máis reducido que permita a práctica desta disciplina así como a posibilidade de albergar competicións e campeonatos, tanto galegos, como españois ou internacionais. Unha adaptación do proxecto orixinal que non impediría que se materializase a 'Cidade da Raqueta' no caso de que se recuperase o interese das outras dúas federacións, e que podería ser executado como un primeiro paso dese proxecto completo e máis ambicioso.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

- 1. Instar ao correspondente órgano de goberno a readaptar a proposta orixinal da 'Cidade da Raqueta' para que nunha primeira fase poida albergar un equipamento dedicado á práctica do Tenis de Mesa que ademais poida ser sede administrativa da Federación galega desta disciplina.**
- 2. Instar á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña a colaborar no financiamento desta primeira fase da 'Cidade da Raqueta'.**
- 3. Establecer os mecanismos de diálogo e consenso coas respectivas federacións deportivas implicadas nesta proposta.**

Santiago de Compostela, 21 de Maio do 2021

Xan Duro Fernández



Concelleiro do grupo municipal de Compostela Aberta

AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA